

Memoria descriptiva
Premios Educativos Innovagal 2022/2023

Modalidade: ámbito lingüístico e social, ámbito científico-tecnolóxico e matemático e
escolas saudables e abertas á contorna
Categoría B: centro público integrado



Código: 36000247

Nome: Centro Público Integrado de Cova Terreña

Concello: Baiona

Provincia: Pontevedra

ÍNDICE

1XUSTIFICACIÓN.....	3
2CONTEXTO SOCIOEDUCATIVO.....	3
3TRAXECTORIA DO CENTRO.....	4
3.1Participación en programas e proxectos de innovación educativa.....	4
3.2Premios de innovación educativa recibidos.....	5
4TRANSCENDENCIA.....	7
5DESCRIBIÓN DAS PRÁCTICAS INNOVADORAS E CRONOLOXÍA.....	8
5.1Ámbito lingüístico e social.....	8
5.1.1Iniciativas no ámbito das humanidades e das ciencias sociais.....	8
5.1.2Programas de Plurilingüismo.....	10
5.2Ámbito científico-tecnolóxico e matemático.....	11
5.2.1Educación dixital.....	11
5.2.2Integración didáctica das TIC.....	12
5.2.3Iniciativas no ámbito STEAM.....	12
5.3Escolas saudables e abertas á contorna.....	14
5.3.1Promoción de estilos e hábitos de vida saudables.....	14
5.3.2Deseño de espazos educativos.....	15
5.3.3Sustentabilidade e concienciación ambiental.....	16
5.3.4Educación para o desenvolvemento sostible e a cidadanía global.....	17
5.3.5Colaboración coa contorna.....	17
6ADAPTACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS INNOVADORAS	18
7IMPACTO.....	19
8DIFUSIÓN E VISIBILIDADE.....	19

1 XUSTIFICACIÓN

O proxecto do CPI de Cova Terreña está focalizado no alumnado, traballando a prol do seu desenvolvemento integral, nun marco inclusivo e en función das súas características e necesidades, atendendo a aqueles e aquelas que teñan necesidades educativas especiais, traballando para mellorar a súa formación, os seus resultados académicos e colaborando na súa formación como cidadáns, entendendo a aprendizaxe do alumnado como un proceso de maduración cognitiva, afectiva e social.

Asemade foméntase unha convivencia harmoniosa baseada no respecto e apoio mutuo, a integración entre as diferentes etapas, favorecendo a formación permanente do profesorado, aproveitando os recursos dispoñibles no centro e na contorna, potenciando o uso e o coñecemento das novas tecnoloxías e das linguas, xunto á lectura.

A mellora da calidade educativa acádase a través da implementación na aula de estratexias metodolóxicas innovadoras e activas, aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe baseada en xogos na aula e a aprendizaxe por indagación, estratexias que poñen o foco na aprendizaxe por competencias a partir de experiencias de aprendizaxe reais en que se aplican de forma integrada coñecementos, habilidades e actitudes.

O centro ten unha ampla traxectoria participando en diferentes Programas e Proxectos promovidos dende a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, que reflicten o compromiso do centro educativo coa innovación educativa no desenvolvemento de iniciativas didácticas e/ou organizativas vinculadas con diferentes liñas temáticas obxecto dos premios Innovagal.

2 CONTEXTO SOCIOEDUCATIVO

O CPI de Cova Terreña está situado no centro urbano do Concello de Baiona, ao carón do pavillón municipal, o que permite unha estreita colaboración entre as dúas entidades. Ao mesmo tempo está situado no lugar de Covaterreña, unha zona sombría e húmida da vila que afecta ao estado do edificio e das súas instalacións.

As unidades de Educación Infantil están localizadas no edificio secundario, dentro do recinto escolar. As etapas de Educación Primaria e Secundaria comparten o edificio principal, o cal está próximo ao 100% de utilización.

3 TRAXECTORIA DO CENTRO

3.1 Participación en programas e proxectos de innovación educativa

No curso 21-22 o centro participa en **CPInnova** solicitando as liñas EDUInnova para favorecer a aprendizaxe a través da mellora permanente; EDUsaúde que integra distintas actuacións dinamizadoras de hábitos de vida saudables; e EDUCalidade como centro comprometido coa calidade a nivel organizativo, de xestión e de funcionamento, tan necesarios para poder levar a cabo múltiples actividades e propostas que se realizan no centro.

Dentro de **CPInclúe** leváronse a cabo as liñas Iguála-T, Convive-T e Inclúe-T con accións que interveñen no fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LGBTIfobia e outras medidas semellantes. Asemade, desenvóléronse medidas que favoreceron o clima escolar e as relacións entre os membros da comunidade educativa, actuacións preventivas de condutas violentas ou discriminatorias, actuacións de acollida nos centros educativos da contorna, a conciliación ou mediación escolar, a xestión de conflitos e outras accións similares, así como medidas que fomentaron e melloraron a inclusión no centro dirixidas: á atención á diversidade, á inclusión educativa e social de todo o alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional, ao fomento de recreos igualitarios e inclusivos, á creación de escolas de nais e pais, e outras medidas semellantes vencelladas á diversidade que pon de manifesto a pluralidade do alumnado.

Entre os cursos 2016-2017 e 2021-2022 trabállase en diferentes Contratos Programa tal e como se reflicte no anexo IV de autobarefacción.

O centro participa na convocatoria **Plan Proxecta** en diferentes programas, moitos deles consolidados no centro nos últimos anos:

- Proxecto TERRA (en 5 dos últimos 6 cursos): O patio escolar, con propostas de dinamización dos espazos comúns.
- Clases sen fume (en 4 dos últimos 6 cursos), prevención do tabaquismo para o alumnado de 1º ESO.
- Proxectos de vida activa e deportiva, que se suma a outras iniciativas de fomento de hábitos de vida saudable.
- Aprendo programando (nos últimos 4 cursos), para o alumnado de 2º ESO orientado ao aforro enerxético.

- MeteoEscolas (nos últimos 5 cursos), coa análise de datos da nosa estación meteorolóxica.
- Quérote+ (en 4 dos últimos 6 cursos), para o alumnado de 3º ESO cun programa de formación afectivo-sexual.
- Apuntámonos a non beber (nos últimos 2 anos), para o alumnado de 3º e 4º ESO para previr o inicio no alcol da rapazada.
- Aliméntate ben (en 4 dos últimos 6 cursos), para o fomento de hábitos saudables en Educación Infantil.
- Proxecto de innovación en dinamización lingüística, para a posta en valor dos proxectos de fomento do galego realizados no centro educativo.

Ademais, participamos durante dous cursos no programa Salvavidas e outros dous cursos en Recíclate con Sogama.

O centro tamén participa no Programa CA/AC de aprendizaxe cooperativo da Universidade de Vic dende 2012, utilizando cunha finalidade didáctica o traballo en equipos reducidos e heteroxéneos de alumnado, e estruturando a actividade de xeito que se asegure a participación equitativa e se aproveite ao máximo a interacción simultánea. <https://khelidon.org/es/centro/cpi-de-cova-terrena>

3.2 Premios de innovación educativa recibidos

Tanto o alumnado de forma individual coma os diferentes proxectos levados a cabo no centro foron merecedores de recoñecemento con diferentes premios.

No curso 2017/2018 Rodrigo González Rouco, alumno de 4º da ESO, gaña o 1º premio no Concurso de Deseño **#Enreda na rede** organizado pola Fundación Barrié e Arela. <https://valminortv.com/2018/04/25/un-alumno-del-cpi-cova-terrena-gana-el-concurso-de-diseno-enreda-na-rede/>

O Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia (CPEIG) e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, co motivo do Día Europeo da Protección de Datos, convoca dende o curso 2016/2017 o **Concurso Literario Infantil e Xuvenil sobre a protección de datos**, cuns resultados inmejorables por parte do alumnado do centro:

- Curso 2016/2017 1º premio para o alumno de 4º da ESO Gustavo López.
<https://telemarinas.com/joven-baiona-gana-i-concurso-literario-proteccion-datos/>

- Curso 2017/2018 1º premio para Carlos López alumno de 4º da ESO
<https://valminortv.com/2018/06/19/premiados-dous-alumnos-do-cpi-cova-terrena-en-senllos-concursos-autonomicos/>
- Curso 2018/2019 1º premio para Adrián Álvarez Santos
<https://cpeig.gal/index.php/node/1261>
- Curso 2019/2020 1º premio para Ivonne Ferreira
- Curso 2020/2021 1º premio para Inés Rey
<https://www.baiona.gal/es/educacion/duas-alumnas-do-cpi-cova-terrena-ganadoras-do-iv-e-v-concurso-literario-infantil-e-xuvenil-sobre-a-proteccion-de-datos/>

O Campus do Mar, coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía, convocou no curso 2017/2018 o **Concurso de ideas innovadoras do proxecto da FECYT “Oceans of plastics”** en relación a la mitigación de los efectos del plástico en el océano, para escolares de primaria y secundaria, do que resultaron gañadores catro alumnos de 4º de ESO. Todos os traballos foron expostos no Museo do Mar de Vigo. <http://oceansofplastics.campusdomar.gal/concurso/#premios>



No curso 2017/2018 o centro gaña o 2º premio **Ligamats** organizado pola Asociación Escola Rosalía de Castro, coa asesoría pedagóxica da Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (AGAPEMA) e o patrocinio de Fundación Barrié de la Maza, La Caixa e o Concello de Vigo.

No curso 2017/2018 Alba Carneiro gaña o 3º premio do I Concurso Escolar contra a Violencia de Xénero na categoría 1 da modalidade debuxo-pintura, cun traballo co lema “No more silence”. Este concurso estivo organizado pola Subdelegación do Goberno de Pontevedra.<https://valminortv.com/2017/11/15/alba-carneiro-do-cpi-cova-terrena-premiada-no-i-concurso-escolar-contra-a-violencia-de-xenero/>

No curso 2019/2020 fomos recoñecidos co [2º premio da categoría B](#) do I Premio pola Igualdade Carmen López-Cortón, convocado pola Secretaría Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa polo noso proxecto “Arribada en Igualdade”, un proxecto interdepartamental que lle dá un xiro á visión do mundo do mar, poñendo o foco nas mulleres que nel inciden dende distintos ámbitos e que rompen cos estereotipos de xénero tan marcados neste mundo.

No curso 2020/2021, Naiara Álvarez gaña o 2º premio no III Concurso de carteis escolares relacionado coa doazón e o transplante, co cartel: “Doar é a bomba”.
<https://valminortv.com/2021/06/01/alumnos-do-cpi-cova-terrena-promoven-a-doazon-de-organos-e-tecidos/>

No curso 2021/2022, os alumnos Julieta González e Miguel Núñez gañan o premio “A factura da Luz”, organizado pola Escola Galega de Consumo e Ángel Castro, alumno de 4º da ESO, gaña o 1º premio pola súa contracampaña de “Apuntámonos a non beber”



4 TRANSCENDENCIA

As familias son un eixo moi importante no centro, como pon de manifesto a grande implicación da ANPA, contando ademais coa Escola de Pais e Nais, xestionada en colaboración coa Mancomunidade do Val Miñor.

A ANPA e o Concello de Baiona organizan as actividades extraescolares que se inician a partir das 15:50 segundo a demanda do alumnado e as súas preferencias, ofertando en función do ano actividades coma Robótica, Baile, Ximnasia acrobática, Inglés, Intelixencia emocional, Multideporte, Tenis ou Baloncesto.

No centro educativo implantouse o uso de Abalar Móbil, unha aplicación ofertada pola Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar a comunicación entre o profesorado e as

familias, que permite a estas últimas consultar a información académica de calquera dos seus fillos a través do teléfono móbil, recibir avisos, incidencias e solicitar unha tutoría.

5 DESCRICIÓN DAS PRÁCTICAS INNOVADORAS E CRONOLOXÍA

Para presentar as diferentes iniciativas levadas a cabo no centro nos últimos anos da maneira máis ordenada posible, presentaranse enmarcadas nas diferentes liñas temáticas do Anexo I da convocatoria dos premios Innovagal, sen esquecer que moitas prácticas están vinculadas a máis dunha liña.

5.1 Ámbito lingüístico e social

5.1.1 Iniciativas no ámbito das humanidades e das ciencias sociais

O Coro Xuvenil do CPI Cova Terreña é unha formación coral a tres voces, de carácter voluntario, onde pode participar o alumnado de ESO. Xunto co conxunto instrumental, o coro realiza numerosos concertos pola xeografía galega e nacional. Na súa discografía contan coa publicación "Help", tributo aos Beatles, "Musicais de primavera", "Musicais destacados", "Qué movida", música española dos anos 80, "Musica Afroamericana" e "Covanimada", bandas sonoras dos temas Disney máis coñecidos. No curso 2017/2018 publicaron un disco dedicado a ABBA.
<https://valminortv.com/2018/05/16/o-coro-e-conxunto-instrumental-do-cpi-cova-terrena-dedica-o-seu-setimo-disco-a-abba/>

Por mor da COVID o Coro tivo que suspender a súa actividade que retomou este ano cun éxito total de participación do alumnado.

Dende o curso 2016-2017 o alumnado de 6º de Primaria realiza as Xornadas Poéticas, dedicada cada ano a diferentes artistas:

- 2017: Acto poético e exposición de pintura do alumnado do centro homenaxeando ao artista local Claudio Vasconcellos, "Caíno".
<https://www.atlantico.net/articulo/area-metropolitana/escolares-cova-terrena-afianzan-arte-pintar/20170606131317592509.html>
- 2018: O alumnado presenta a seu libro "Baiona en rimas, na mirada e na alma das nenas e dos nenos", que contén poemas elaborados por eles mesmos sobre a súa vila ilustrados con fotografías tamén sacadas por eles.
<https://valminortv.com/2018/05/17/baiona-a-traves-de-la-mirada-de-los-pequenos-poetas-del-cpi-cova-terrena/>

- 2019: Dedícanse as xornadas poéticas á poetisa Clara López Torres <https://telemarinas.com/el-cpi-de-cova-terrena-dedica-su-iii-xornada-poetica-a-la-poetisa-clara-lopez-torres>
- 2022: Tras o parón da COVID, a escritora Eva Mejuto e a ilustradora Bea Gregores participan nas xornadas presentando no evento a súa obra “Cando leo” https://twitter.com/Bea_Gregores/status/1540661707122659328



No curso 2017-2018 a alumnado de 5º e 6º de Primaria traballa en versións das obras de Picasso que expoñen no salón de actos do centro. <https://valminortv.com/2018/06/10/alumnos-do-cova-terrena-versionan-obras-de-picasso/>

En 2018 o CPI Cova Terreña sumouse ao programa **DepoEmprende na Escola** da Deputación de Pontevedra para fomentar o emprendemento entre os máis novos. Os 19 alumnos e alumnas de 6ºA de Primaria constituíronse como unha sociedade cooperativa, “Artesáns&Kids”, redactaron os estatutos, decidiron que capital achegaba cada un e obtiveron o CIF de empresa. Elixido o equipo directivo, redactaron o estudo de mercado e elaboraron os produtos para vender, facendo as primeiras vendas na Festa da Arribada. Con parte dos beneficios axudarán a dúas causas: á ONG “Axuda ó mundo necesitado” de Baiona, e á protectora de animais “Bai Sen Pulgas”. <https://www.farodevigo.es/comarcas/2018/02/25/emprendedores-12-anos-baiona-16069141.html>

No curso 2019/2020 o centro volve participar no programa **DepoEmprende na Escola** coa creación da cooperativa “Aluomiños de papel”. Nesta ocasión, para elaborar os produtos da cooperativa, acudiron a un obradoiro de costura realizado por Remedios Ruibal que ensinou aos novos empresarios a coser con retazos. Tamén aprenderon a elaborar colgantes utilizando cristais erosionados recollidos nas praias da vila. <https://www.atlantico.net/articulo/area-metropolitana/alumnos-cova-terrena-forman-como-cooperativa/20191119003605740195.html>
<https://twitter.com/eusumogal/status/1197209258745630720>

Coa volta ás aulas despois da COVID levouse a cabo unha iniciativa dende o **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** en que se empregaban versos de autores coñecidos polo alumnado para que recitasen ao lavar as mans e cumprir coas recomendacións de hixiene. <https://www.farodevigo.es/comarcas/2021/03/18/vinte-segundos-poesia-lavar-as-43393867.html>

5.1.2 Programas de Plurilingüismo

O alumnado de 2º e 4º de Primaria traballa a promoción da lingua galega a través da creatividade e a incorporación das TIC nas aulas, mediante a creación de curtametraxes en galego dentro do programa **¡Nós tamén creamos!** co proxecto en 2017 “Coas mans baleiras” <https://www.crtvg.es/infantil/nos-tamen-creamos/coas-mans-baleiras-do-cpi-cova-terrena>

Conscientes da importancia das linguas estranxeiras, existe un **Plan de anticipación da lingua inglesa** en Infantil, ademais de **Seccións Bilingües** en Primaria e Secundaria. O programa de Seccións Bilingües supón a organización do ensino da área de Educación Artística-Plástica de 3º e 4º de Educación Primaria e a materia Programación en 2º ESO. A materia de Programación cúrsase dun xeito bilingüe nunha lingua cooficial e en lingua estranxeira inglesa, utilizada como mínimo durante o 50% do horario lectivo.

Dende o centro ofértanse os cursos **CUALE** que preparan o alumnado que o solicite para as probas de acceso de certificación dos niveis do ensino especializado de linguas, de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).

O Departamento de Inglés en Secundaria contribúe á necesidade de potenciar, de xeito comunicativo, a expresión e comprensión oral, destrezas fundamentais á hora de aprender unha lingua. Así, en 2018, dende o **Obradoiro de Teatro en Inglés** dirixido ao alumnado de 4º ESO, preparouse a representación de Hamlet. Este proxecto implica ensaios e gravacións que se fan durante os recreos, -dinamizando así esta franxa horaria-, edición de vídeo, tradución para os subtítulos, escenografía... A implicación do alumnado é espectacular, non soamente a meirande parte deles mellora a súa pronunciación, perdendo o medo a falar en inglés, senón que ademais adquiren maior seguridade en si mesmos ao falar nun escenario; por outra banda, o compañeirismo e o respecto entre eles é exemplar.

Outra iniciativa é a materia de **Afondamento en Expresión Oral en Inglés** (para 1º ou 2º de ESO dependendo do curso académico), deseñada como un taller a través de

proxectos, como o realizado no 2018, “O clima nos países de fala inglesa”, en que o alumnado gravou noticiarios do tempo con mapas significativos destes lugares.

O alumnado de 1ºESO participou no curso 2017/2018 na **English Week**, unha inmersión lingüística en inglés dunha semana de duración, onde se estimula a práctica do idioma e a súa utilización en contextos comunicativos diversificados, enfocados á mellora da comunicación oral, co apoio de profesorado nativo en lingua inglesa.
<https://valminortv.com/2017/10/03/alumnos-do-cova-terrena-e-do-terras-de-turonio-participaran-nunha-english-week-este-outono/>

A través da **plataforma eTwinning** o Departamento de Francés desenvolve proxectos que permiten a comunicación con centros europeos, como o intercambio de postais co colexio "Jean Mounès" de Pornic (Francia) realizado polo alumnado de 4º ESO.
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/node/723>

Dentro do proxecto **MeteoEscolas** o alumnado de 4º da ESO de Lingua Estranxeira Francés informou do tempo meteorolóxico en formato de telexornal empregando como idioma o francés.
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/node/895>

5.2 Ámbito científico-tecnolóxico e matemático

5.2.1 Educación dixital

No curso 2020-2021 redactoras de SINC, dentro do proxecto de alfabetización mediática, traballan co noso alumnado nun obradoiro de STOP bulos na rede.
https://twitter.com/agencia_sinc/status/1389511253937344518

No curso 2021-2022, dende a Escola de Telecomunicacións da UVigo o noso alumnado adquire coñecementos dixitais de mans de expertos a través de diferentes charlas:

- Fernando Pérez “Detectives de imaxes”
<https://twitter.com/EETelecoVigo/status/1518545106059595778>
- Íñigo Cuñías, “Evolución da telefonía móbil”
<https://twitter.com/EETelecoVigo/status/1494764410518319111>
- Carlos López Ardao, “Érase unha vez... Internet”
<https://twitter.com/EETelecoVigo/status/1472828757794828290>

O alumnado de 4º ESO recibiu unha xornada formativa sobre impresión 3D, impresora que empregamos con moita frecuencia para poder agasallar o alumnado participante nas diferentes propostas que se fan ao longo do curso cun chaveiro.
<https://twitter.com/3DOpenHardware/status/1473571391282860032>



5.2.2 Integración didáctica das TIC

Na aposta polas novas tecnoloxías, o Cova Terreña forma parte do programa **Robótica en Primaria** implementada como materia optativa en 4º e 6º de Educación Primaria. Asemade, nos últimos anos, o centro está integrado no proxecto **E-Dixgal** o cal permite desenvolver un ensino dixital: aulas dixitais, equipamentos de alumnado e profesorado de uso persoal, unha contorna virtual de aprendizaxe, variedade de contidos dixitais e editoriais, e ferramentas de colaboración e de elaboración de materiais propios.

5.2.3 Iniciativas no ámbito STEAM

O centro participa dende a súa implantación na comunidade galega no **proxecto Inspira STEAM**. Este proxecto, pioneiro en Euskadi, é promovido pola Universidade de Vigo para o fomento das vocacións científico-tecnolóxicas entras as rapazas a través de accións de sensibilización e orientación que imparten mulleres e homes profesionais do mundo da investigación, da ciencia e da tecnoloxía, e vai dirixido ao alumnado de 1º da ESO. <https://twitter.com/Gradient/status/1491324751817711618>



En marzo de 2020 suspendeuse a **Fase Final da LIGAMATS** por mor do COVID, fase final en que o centro estaba clasificado na categoría C xunto coa Escola Rosalía de Castro, IES Alexandre Bóveda e o IES AquisCelenis.
<https://twitter.com/FundEscRosalia/status/1238178604976128000>

No curso 2021-2022 reedítase a **Semana da Ciencia** que tanto éxito tivo no curso 2020-2021. Esta exposición permite dar visibilidade ao traballo do alumnado de todas as etapas en prol dunha disciplina que amosou nos últimos anos a enorme importancia que ten para toda a sociedade: a Ciencia. A exposición conta cunha xornada de portas abertas ás familias e ao público en xeral en horario de tarde.

Os proxectos abranguen dende a presenza de distintos animais (en Baiona e noutras rexións do mundo), a contaminación que estamos a sufrir, novidades tecnolóxicas (impresora 3D ou avances en robótica), ou diversas cuestións do corpo humano (como son as células, como funciona a voz...), entre outras moitas seccións.

Cada un dos traballos conta cunha explicación que permite a súa comprensión e ofréceselle o alumnado un cuestionario sobre os distintos traballos expostos.
<https://www.farodevigo.es/comarcas/2022/05/04/cova-terrena-celebra-segunda-semana-65688764.html>

Da unión do Contrato-Programa Iguálate e do Plan Proxecta **Rapazas emprendedoras nas TIC** naceu o proxecto interdisciplinar levado a cabo polo alumnado de Secundaria “Revista das Mulleres Científicas”.

Un dos obxectivos principais desta actividade foi poñer en valor a contribución das mulleres en cada un dos campos en que traballaron. Por outra banda, a lingua vehicular da revista é o galego. Deste xeito, contribuímos á súa normalización no día a día dos estudantes ao tempo que se fai notar a escasa presenza da lingua galega nesta área. <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/node/2388>

Na **conmemoración do 11F** lévanse a cabo unha serie de charlas encadradas dentro da iniciativa a nivel nacional “Iniciativa 11 de febreiro”, con motivo do Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. Esta iniciativa promove actividades nos centros educativos que axuden a visibilizar o traballo das científicas, a crear roles femininos nos ámbitos da ciencia e a tecnoloxía, e que promovan prácticas que favorezan a igualdade de xénero no ámbito científico-tecnolóxico. As charlas estiveron dirixidas o alumnado de 3º e 4º da ESO.
<https://twitter.com/IEOVigo/status/1491009915984379905>.

Ademais, dende o equipo de CPI Iguála-T preparouse unha exposición para o alumnado de Educación Primaria e Secundaria co apoio de material enviado pola

Unidade de Igualdade da UVigo. Para un mellor aproveitamento da mesma, propuxéronse unha serie de actividades complementarias que tiveron unha boa acollida. O alumnado que participou na exposición recibiu un pequeno agasallo tendo unha sorpresa engadida aqueles que realizaron correctamente as actividades.



5.3 Escolas saudables e abertas á contorna

5.3.1 Promoción de estilos e hábitos de vida saudables

O alumnado de Infantil xunto co de 2º ESO traballan na mellora dos hábitos alimenticios dentro do programa **Aliméntate ben**, levando a cabo iniciativas coma os almozos saudables [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/vigo/2018/02/24/desayuno-saludable-alumnos-cova-terrena/0003_201802V24C8993.htm?](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/vigo/2018/02/24/desayuno-saludable-alumnos-cova-terrena/0003_201802V24C8993.htm?utm_source=twitter&utm_medium=referral&utm_campaign=twvigo)

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/vigo/2018/02/24/desayuno-saludable-alumnos-cova-terrena/0003_201802V24C8993.htm?utm_source=twitter&utm_medium=referral&utm_campaign=twvigo ou charlas coloquio sobre Trastornos da Conducta Alimentaria <https://twitter.com/adamiapsicologa/status/1138450529418395650>

Para **promover unha vida activa** lévanse a cabo dende charlas como a levada a cabo por Marín de la Puente <https://www.comarcasnarede.com/comarcas/val-minor/baiona/martin-de-la-puente-ofrece-unha-charla-ao-alumnado-do-cpi-cova-terrena/> até talleres impartidos por clubs da contorna, como foi o caso do Club Escola Rosalía de bádminton <https://badmintonclubescolarosalia.es/BadmintonRosalia/ceip-cova-terrena/> e o Club de Bolos A Estivada, permitindo o alumnado experimentar un deporte con gran tradición na contorna. <https://valminortv.com/2021/11/23/o-club-estivada-achega-os-bolos-celta-ao-alumnado-do-cpi-cova-terrena/>

Ademais, realízanse numerosas saídas a pé pola contorna e xornadas de orientación deportiva.



Co obxectivo de prever condutas aditivas, o alumnado de 1º ESO recibe a visita do persoal técnico da Consellería de Sanidade, unha médica e unha enfermeira co obxectivo de formalo e comprobar que están cumprindo o seu compromiso dunha **clase sen fume**. <https://valminortv.com/2020/02/13/alumnado-del-cpi-cova-terrena-se-compromete-a-no-fumar/>

En 4º de ESO o alumnado participa no plan proxecta **Apuntámonos a non beber** realizando tarefas de análise crítico da publicidade de bebidas alcohólicas e desenvolvendo estratexias creativas para canalizar as súas ideas.

5.3.2 Deseño de espazos educativos

O espazo de recreo, cun gran patio recentemente renovado, é amplo, abarcando toda a contorna do edificio e incluíndo diferentes zonas de xogos e pista deportiva, ademais dun pavillón e dous patios cubertos.

Dentro do **proxecto TERRA** existen diferentes propostas de dinamización dos espazos comúns con diferentes caixas de xogos en función de se se trata do patio norte, do patio sur ou do pavillón. Ponse especial coidado en que ningún deporte monoplice os espazos comúns para exista cabida para a vida activa e participativa de todos e todas propoñendo diferentes actividades no pavillón.



Dende a materia de Tecnoloxía, o alumnado de 2º de ESO vai traballando ao longo dos anos na construción de diferente mobiliario: bancos e mesas para o patio, bancadas para a biblioteca, macetas...



5.3.3 Sustentabilidade e concienciación ambiental

En xuño, o Concello de Baiona celebra o Día Mundial do Medio Ambiente con talleres e actividades cos escolares do municipio. A Concellería de Medio Ambiente, organizou unha serie de actividades co alumnado do CPI Cova Terreña e do CEIP Fontes-Baíña en colaboración co CEP, FCC e CEAMSA.

<https://twitter.com/ConcelloBaiona/status/1534152175512862725>

No curso 2016/2017 e no 2017/2018 o centro participa no programa **Recíclate con Sogama** coa promoción, participación e implicación da comunidade educativa na correcta xestión do lixo a través da práctica de redución, reutilización e reciclaxe.

<https://www.sogama.gal/gl/noticia/o-consumo-responsable-eixe-vertebrador-do-proxecto-desenvolvido-polo-colexio-de-cova-terrena>

5.3.4 Educación para o desenvolvemento sostible e a cidadanía global

En xuño do 2019 inaugúrase na Biblioteca Municipal de Baiona a exposición “Creamos a nosa cidade ideal”, exposición levada a cabo polo alumnado de 2º de ESO dende a materia de Xeografía e Historia <https://valminortv.com/2019/06/19/alumnos-e-alumnas-do-cova-terrena-crean-a-sua-cidade-ideal/>

5.3.5 Colaboración coa contorna

O centro participa dende hai anos no **Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares** co obxectivo de ofrecer unha biblioteca escolar activa e renovada.



No curso 21/22 apareceron as mascotas dinamizadoras da biblioteca: Lentiña, Cova e Terreña que mediante pequenas animacións presentan as diferentes accións e concursos levados a cabo polo centro ao longo do curso.



Na época estival, o centro acolle a **Escola de Verán**, programa cofinanciado pola Deputación de Pontevedra que ten por obxectivo xeral facilitar ás familias do municipio un recurso para conciliar a vida laboral, persoal e familiar, establecendo un servizo sociocomunitario que mellore a calidade de vida do territorio. <https://twitter.com/ConcelloBaiona/status/1522120012764491777>

O centro acolle tamén exposicións externas, como a exposición en 2020 sobre os Premios María Josefa Wonenburguer que recoñecen o labor das mulleres galegas referentes na ciencia e na tecnoloxía. <https://valminortv.com/2020/01/22/mulleres-galegas-referentes-na-ciencia-e-na-tecnoloxia-protagonizan-unha-exposicion-en-baiona/>

O alumnado do centro participa na **Arribada** con diferentes propostas. Por exemplo, en 2020 tiña pensado repartir marcapáxinas pola igualdade despois de facer un traballo de análise crítica e comparativa sobre a evolución da presenza da muller no mar ao longo dos últimos anos. <https://valminortv.com/2020/02/28/o-cpi-cova-terrena-repartira-na-arribada-10-000-marcapaxinas-pola-igualdade/>

6 ADAPTACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS INNOVADORAS

Para que as actividades e propostas innovadoras poidan levarse a cabo satisfactoriamente no centro, é necesario facer un gran traballo de coordinación entre os diferentes departamentos e niveis educativos, na procura de que as actividades sexan complementarias e acordes ao nivel académico e evolutivo do alumnado.

Os ensaios do Coro lévanse a cabo nos recreos e os mércores pola tarde de 16:00 a 17:30, media hora por cada unha das cordas vocais.

7 IMPACTO

Ano a ano o centro vaise implicando na mellora da calidade educativa que quere ofertar ao seu alumnado.

Isto é posible grazas ao asentamento do profesorado no centro, cun 98% de persoal definitivo agora mesmo fronte a un 37% cando se iniciou esta liña de traballo no 2016/2017 e tamén grazas á súa implicación e bo facer. Esta implicación tamén responde a unha inercia creada dende o curso 2016/2017, cun proxecto de dirección ambicioso, ao cal o Claustro responde moi satisfactoriamente.

Isto supuxo que as actividades propostas estean enlazadas e coordinadas, con proxectos interdisciplinares e interetapas, cun fío condutor común: a mellora da educación que o centro oferta.

8 DIFUSIÓN E VISIBILIDADE

A prensa local e autonómica faise eco das diferentes accións innovadoras levadas a cabo no centro, así como dos premios acadados polo seu alumnado en numerosas ocasións, tal e como se reflicte coa ligazón correspondente nos diferentes apartados desta memoria.

En 2018 o ensaio do coro e conxunto instrumental do centro chegou ás redes sociais conseguindo máis de 50000 reproducións e valoracións moi positivas en moi pouco tempo. <https://twitter.com/davidpieiro8/status/957235267118788608>.

Ademais, na páxina web dinámica do centro, <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/>, as familias e todo aquel persoal interesado poden obter información do centro e estar informado das exposicións e actividades que se realizan nel.